

Alí onde a morte se viste coas cores do arco da vella, e os peregrinos sacoden o po do camiño sobre os toxais que se debruzan no mar. Alí onde a terra cheira a salitre, descubrín o segredo da miña estirpe. Meu avó Francisco, máis coñecido como Paco de Olveiroa, rexentaba unha casa de comidas, na que enchían o bandullo e curaban as feridas os camiñantes que ían cara Fisterra. De espantar a fame cuns ovos acubillados en lascas de touciño, e unha cunca rebordando de arroz con leite, ocupábase miña nai. Ela aprendera da súa o oficio das cazolas a carón da lareira.

As peles esfoladas e os aloumiños agarimosos para remendar almas desacougadas eran cousa do avó. El o mesmo limpaba vinchocas ou poñía cataplasmas de romeu con estrugas, que daba fregas con augardente de árnicia en xeonllos esfiañados e adoecidos. E para entreter aquelas horas de reconfortante repouso, adoitaba, como quen amosa fachendoso o mapa da comarca, a facer un ilustrado percorrido polas cicatrices que os anos lle foran mesturando cosas engurras:

—Esta foi, acórdome ben, na Casa dos mouros, escapando dunha serpe grandísima de dúas cabezas. Estoutra é de cando caín no pozo da señora Hortensia, Deus a teña na gloria. De non ser polos ladridos de Buxo, o noso can de palleiro, que alertou ós veciños, tería morto afogado, dicía amosando a palma da man, onde as liñas da vida e da sorte converxían nunha focha en forma de estrela.

Uns escoitaban abraizados as súas arriscadas andanzas. Outros rían sen folgos coa extraordinaria creatividade daquel vello trangallán:

—Que se a moa dun cabaceiro me estragou a deda dun pé. Que se sacando o esterco da corte cravei as gallas da forcanza nun nocello...

E así ata esgotar as sinais que tiña espalladas por tódolos recunchos.

Da que nunca falaba o avó era da que lle esvaraba dende o ombreiro esquerdo, debuxándolle no peito catro sucos renegridos, e que só coñeciamos de vista miña nai e mais eu. Aquela que apalpaba coa mirada esvaecida do que sofre lembrando o pasado, e temendo o que aínda está por chegar.

Na casa ninguén preguntaba. E cando un peregrino foi quen de nomear o que, por descoido, se lle adiviñaba entre os botóns da camisa, evitou dar explicacións. Mirouno de esgalla, e só dixo que eran cicatrices de herdanza.

Na contorna era por todos coñecida a lenda de Vákner. A xente falaba sen miramentos do lobishome. Un monstro temible que vivira había séculos nos montes de Dumbría. Incluso eu, que só era un cativo, tiña escoitado que un dos meus devanceiros tivera o valor de enfrontarse, cara a cara, con aquela besta maligna, chegando a ferilo gravemente. Pero o avó non quería tocar aquel asunto. Prefería argallar historias liviás, coas que encherlle os miolos a forasteiros desexosos de distracción.

Unha noite de lúa chea, o avó, sen despedirse, marchou camiño da carballeira. Vimolo correr lixeiro, como se non pousara os pés no chan, ata desaparecer na escuridade. Durante horas, no silencio bretemoso da bisbarra, só puidemos escoitar, coa pel arrepiada, un oulear esmorecido, como de ultratumba. Non volveu nunca mais. Á mañá seguinte atopamos a súa roupa escachizada o pé dun carballo. Ninguén preguntou que fora del. As campás non tocaron a defunto. Todos sabían, e todos calaban.

Ese mesmo día escoitei a miña nai, cos ollos chorosos, murmurando entre dentes diante do espello. A súa man, branca e pequena, tremía percorrendo o carreiro escuro que lle nacía no ombreiro esquerdo e lle desgarraba o peito en catro rabuñaduras fondas. As mesmas que o avó pasou toda a vida tentando agochar.

Foi entón cando lle atopei senso ás palabras «cicatrices de herdanza». Aquel legado, que pasaba de xeración en xeración, era o segredo a voces do que nunca se falaba na casa. Unha maldición de séculos que Vákner, a estraña criatura que habitara nos montes de Dumbría, deixara na nosa familia. Un destino do que non podíamos fuxir.

E case sen decatarme, mentres ollaba pola porta entreaberta a fervenza de bágoas que asolagaba o corpo de miña nai, crucei sobre o peito os meus braciños de neno. Espavorecido. Sabendo que algún día aquelas mesmas cicatrices fenderían a miña pel.

Ana Isabel Rodríguez

Nas terras alemás, a lenda do doppelganger é case un feito sacralizado. Pregúntome se todos temos ese dobre no mundo que olla a existencia dende as mesmas tempas da cabeza e ollos na cara. Aquela noite non debería saír pero gustábame deambular na escuridade coa que gornece a noite. Conducir mentres a música rechouchía nos meus oídos. O meu saxo azul funcionaba coma novo, a pesares dos vinte anos que tiña enriba. Estaba a piques de chegar á curva do encoro, antes de Brandomil, cando unhas luces cegáronme. Era un camión grande e pensei nos carros de silo que traballan pola noite sen descanso. Non obstante, ía sobrepasando constantemente a liña continua cara o meu carril coas luces longas. Nun momento dado, perdeu o control e invadiuno de cheo, intentando endereitar a súa traxectoria freou e soltouse un puntal de leña que levaba. Agora si que o vía, era un camión que carrexaba leña forestal. Ver aquel tronco desprenderse fixo que eu intentara esquivalo e o meu coche perdeu o control. Se me preguntan un día como é a auga do encoro, direi que xélida. Cando sabes que vas morrer non pensas, unicamente esixes vivir coma se fose un dereito imperante. Fuxir da dor e buscar a supervivencia. No momento en que a auga encharcou todo, só puider baterme contra as portas, intentar saír ata que aquel sopor me invadiu por completo. Non houbo nin un túnel con luz nin un feixe de recordos que pasasen coma un déjà vu por min. Unicamente, aquel soño ou pesadelo.

Estaba noutro plano. Non sei como explicalo, pero iso sentíase no aire viciado que corrompía aquel lugar. Sorprendentemente estaba desprendida do meu corpo e víame a min mesma naquel cuarto, limpando. Custoume afacerme á idea de que aquela muller non era eu. Non eran roupas que eu usaría, vestía un vestido longo, en exceso anticuado e todo manchado nos baixos polo que parecía ser lodo. Ademais diso, non eran os meus acenos. Din que dous xemelgos distínguense pola maneira de moverse e é certo. Aquela muller ca miña faciana, tiña uns movementos máis brutos, un paso máis decidido. Á dereita había un xergón e colleu unha xerra de porcelana que tiña enriba. A superficie era tan clariña que reflectía o seu rostro. Unha cara que tantas veces vin nos meus propios espellos. De pronto, sacou un saco de detrás da porta e desenvolveu del unha pel enorme e negra. Pregunteime de que animal extraerían tan fermosa peza. Con aleivosía cubriu ata a cabeza co pelexo e marchou. Os espíritos son tan caprichosos que non puider máis que seguir aquela dobre que saíu á rúa, se aquilo se lle podía chamar así. Era unha calzada chea de lama pola que debían transitar moitas persoas, dado que había moitas pegadas gravadas no chan. Non había nada de luz eléctrica e as casas eran construcións minúsculas feitas de pedra e carentes de cor ou ornamentación. A moza camiñaba con présas, percorremos corredoiras, camiños e encrucilladas.

A pesares de todo isto, non tiña eu pés que doesen en tan truculenta travesía. Parecera que chegara ao seu destino cando se escondeu detrás dunhas toxeias altas. Esperou pacientemente, nesa quietude que envolve a noite e que só era perturbada polo canto dos mouchos nas proximidades. Abriu os ollos como pratos ao ver unha figura con refaixos que camiñaba apoiándose nun bastón. Parecía un cura ou un peregrino, viña canso e coxeaba

levemente. A miña dobre saíulle ao paso e botou un berro que fixo estremecer ata as pólas das árbores. Aquel vello empezou a persignarse convulsivamente e botou a correr o máis que puido, a pesares da eiva da súa coxeira. A dobre botou unha mirada de diaño, enchida de xenreira, satisfacción e odio. E entón, pasou.

De súpeto, paralizáronse os ruídos. O silencio inundou cada recuncho de monte. Ata os grilos cesaron o seu canto para deixar paso a esa quietude que sempre precede ás tormentas. Entón, na encrucillada empezouse a facer patente a chegada dunha figura enorme, semellante a como se deben ver os monstros do inferno. A miña dobre xirouse e quedou fronte a aquela figura imponente de ollos negros. Mais el non se fixou nela, non. Enfocou os ollos cara min, a pesares de que ela nunca o fixo, e bramou. Laiou coma se sufrise o maior dos males e entón chegou a nada.

—Traede mantas térmicas, rápido!

Na zona do accidente, escoitaba voces dispersas e unha presión no peito que me facía adoecer. Contaríanme tempo despois que un dos bombeiros viu as marcas no asfalto e decatouse de que quizais un dos coches do accidente puidera caer ao encoro. El mesmo lanzouse e logrou acceder a min. Xa na beira da estrada, estivo máis de dez minutos reanimándose ata que tiven signos vitais. Aquela noite era inverno, pasei cinco meses en coma e espertei cando os días xa eran grandes e a calor era abafante. Algúns médicos dinme que o recordo da miña dobre é produto dunha experiencia próxima á morte. Que na cabeza prodúcense cambios bioquímicos que acaban en delirios. Fun a unha meiga e coméntoume que era un medo atávico, memoria xenética dunha antepasada miña. Comecei a ler sobre homes lobo, monstros e lendas de Galicia. Estes días sae moito a historia do Vákner de Dumbria e véxome identificada co relato. Na miña psique véxome protagonista do desencontro do bispo Mártiros de Arzendján. Acaso se poden vivir varias vidas, cabalgar entre o pasado e o presente e saír ileso? Podo dicir a verdade de que vivín un feito histórico ou serei tomada como unha fantoche que unicamente quere ter fama?

Hai veces que fecho os ollos e unicamente vexo os seus, de animal ferido, pétreos coma o ceo sen lúa. Ás veces, penso que o Vákner habita en min, que foi o pago por volver vivir, que pasa as noites en vixilia mentres acariña coas súas gadoupas o meu pelo. A miúdo, penso se non estaría mellor nas profundidades da auga a vivir nun mesmo corpo sendo dous entes.

Natalia Lema Otero

QUERIDA CATALINA

Mércores, 3 de maio do 2023

Querida Catalina,

Perdida tería a conta de todos os amenceres cantos houberon de sucederse nos almanaques modernos, de non seres polo incesante bulicio de peregrinos e camiñantes que amosan os seus pergamiños intelixentes cada dúas zancadas no camiño. Pasaron tantas noites que esmoreceu na miña memoria o número de veces nas que Mercurio transitou en retroceso, nas que Perseo chorou sobre o ceo, e o carneiro deu inicio ao ano solar. Mais recordo claramente o repenicar das campás na catedral compostelá naquela tarde xacobeá baixo a calor do Obradoiro; lembro o aroma do incenso brotando daquel botafumeiro sen prata, os xeonllos encollidos durante o predicar e os croques no Pórtico da Gloria. Ultraia!

Aquela peregrinación polo Norte de España cambiara rotundamente a miña perspectiva espiritual; lembro cada carta que che enviei, describindo as montañas escarpadas polo Reino de Navarra, as tapas e fogueiras compartidas polo de Asturias, as lendas baixo a luz da lúa, os pés estrullados polo frío e maíla suor, as merendas de cebola e as noites de arreguizos sucedidos polo ronsel do bafo na aurora de friaxe.

Lembro as túas respostas cheas de esperanza e acubillo; eran notas tan reais que incluso sentía a calor sobre as miñas mans en canto deslizaba os dedos sobre as letras, que me facían crer que estabas ao meu carón. Dicías que cada tarde orabas no santuario para que chegase ás Pedras Santas da Fin do Mundo con vida. Namentres, percorría con ilusión as pontes romanas, bebía das fontes de pedra e emocionábame cos cánticos dos paxaros que adornaban as pólas daqueles pasadizos verdosos que formaban as fragas. Ata que cheguei ao punto onde babor me levaría aos solpores de Fisterra, e a contra, a unha Muxía de Cadrís e de Abalar. Pero cara foi a miña indecisión, pois namentres valoraba que vía seguir, unha sombra negra de pequena estatura achegouse onda min cunha vara na man, os ollos vidrosos, e unha saca de liño. Recitou unhas palabras nunha lingua estranxeira, e con rabia e sen discreción, verteu o contido da bolsa sobre as miñas coxas e abdome. Sentínme canso, tremendamente esgotado, pero aínda non era consciente de que o meu andar se truncaría para sempre.

Foi así como, sen saber moi ben por que, acabei coroando aquel cruzamento de sendas á cabeza do Camiño Real; incontables os anos, as décadas, e quizais algún centenario que debeu de pasar desde que aquí me apresaron, amada miña. E non só esmagado nun corpo alleo, senón que a maldición cambiara os meus modais por completo. De cada vez que se achegaban camiñantes, sentía o irrefreable desexo de descargar a miña ira sobre eles, de amedrentalos, de acabar coas súas vidas antes de alcanzar a Fin do Camiño, xustamente coma me fixeran a min.

Volvinme unha besta, non só en corpo, senón no pensamento. Incluso intentaron burlarme grupos de ata vinte ou trinta persoas, pero a miña furia desatada entolecía aos meus músculos, e abalanzábame sobre eles sen

piedade, sen razón. Ata que chegou o armenio, o maldito bispo armenio, baballón e mentireiro, na única noite na que a Meiga regresou para facer un pacto comigo. Escondémonos entre os piñeiros do Monte da Armada, para que non houbese testemuñas da nosa conversa, e nestas foi cando o relixioso aproveitou para cruzar as terras de Dumbría sen topar comigo. O meu anhelos de chegar a calquera acordo coa bruxa vencera á ansia por esnaquizar ao peregrino, aínda que hoxe me arrepinto, en parte, por telo deixado escapar.

Foi el quen simulou ser un heroe sobrevivinte, quen alburgou todas esas argucias falsas sobre o dano que supostamente eu lle provocara. E quen causou o efecto chamada para que a xente se achegase a min con armas, dispostos todos eles a matarme. E nos meus intres de lucidez, era capaz de entendela. Para que serve un monstro? Se en verdade, nin eu mesmo quería conservar a existencia, pero a malvada fíxerame inmortal. E non hai nada peor que ser eterno cando te odias, cando o mal reside en ti, cando tes que vivir sabendo que o fas para matar. E pensando en ti, querida, sabendo que, de achegarvos un día, ti ou a nosa pequena, o feitizo me levaría a facer o mesmo ca cos demais.

Chegou a chuvia dun inverno moderno, e quedei durmido baixo as árbores altas de tronco fino que tanto se ven recentemente, con fame e con espiñas cravadas nos pés por unha loita no anoitecer. Ata que sentín algo tirándome do pelo, repetidamente, e unha voz dicindo «perdoe, perdoe». Abrín os ollos de súpeto, estirei as garras e interrompeume cun «Está ben? Necesita axuda?». E algo me paralizou. Non podo entender que sucedeu, pero aquela cativa estaba intentado envolver o meu pé cunhas teas, e ao rematar, tendeu un minúsculo vaso de laranxa, que era dúas veces máis grande cás súas mans. Mentres a observaba en silencio, sacou un caderno e anotou unhas letras raras, algo como «Lía», e logo sinalou cara ao seu peito, e entregoume as follas. Intentei coller a pluma estraña, pero era diminuta para min. Así que trepou sobre o meu brazo e colocoume entre os dedos, sen aparente medo, incluso podería atreverme a dicir que con certo agarimo. E pensei en ti, no teu nome, no teu rostro, e de socato, unha luz cegadora cruzou o empero e anegou os meus pulmóns; atravesou os meus ollos e consumíume, queimou o pelo, cortou as poutas, e deixoume espido, completamente espido, agás por un calcetín: un calcetín que levaba bordado o teu nome, Catalina. E entendín que, de filla en filla, a filla dunha herdeira da nosa, fora quen me salvara a vida.

E o feitizo finou, e o pacto rematara por cumprirse. Pero souben tamén que apenas me quedarían unhas horas para a despedida, e para pedirlle a Lía que en cinzas me levase a visitar Fisterra, pois volvería ser mortal. Así que describín cada unha das miñas emocións o mellor que souben á nosa nena, que prometeu gardalas como lembranza sobre as mans dun escultor. E xusto despois, asinei, asino esta carta, Amor. E desde o Cruceiro do Marco do Couto, debo dicirche, con bágoas... Adeus.

G. Vákner

Ainhoa Conde Castro